

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Resolución proceso selectivo deserto - Estabilización praza oficial electromecánico

EXPEDIENTE: 2025/E005/000013

Considerando o disposto na Resolución da Alcaldía nº 1557/2022, de 29 de novembro, que aprobou as bases xerais e específicas e a convocatoria do proceso de estabilización dunha praza de oficial/a electromecánico/a, persoal laboral fixo, ao abeiro do previsto no artigo dous da Lei 20/2021, de 28 de decembro.

Vista a acta do tribunal cualificador do devandito proceso selectivo da súa sesión do 24 de xaneiro de 2025.

Visto informe da técnica de Recursos Humanos de data 30 de xaneiro de 2025.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Declarar deserto o proceso selectivo para estabilización dunha praza de oficial/a electromecánico/a, persoal laboral fixo, ao abeiro do previsto no artigo dous da Lei 20/2021, de 28 de decembro, convocado pola Resolución da Alcaldía nº 1557/2022, de 29 de novembro.

Segundo.- Dar traslado desta Resolución ao concelleiro responsable da Área así como aos Departamentos de Intervención e Recursos Humanos

Terceiro.- Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Quinto.- Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase:

- a) Interpor potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- b) Interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o correspondente órgano da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 8, 9 e 10 e 46.1, da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Teo, asinado polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa,
Lucía Calvo de la Uz

A secretaria accidental, que dou fe
María Elena Sueiro Fernández